



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/000734

RESOLUCIÓN

ASUNTO: TRAMITE CONSULTA PÚBLICA APROBACIÓN ORDENANZA FISCAL

EXPEDIENTE: 2019/G003/000734

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O establecemento de tributos polo Concello no exercicio da potestade tributaria que lle recoñece a Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), esixe a adopción dun acordou de imposición e ordenación, así como de aprobación da súa correspondente ordenanza fiscal.

No Plan Normativo do concello de Ordes para o ano 2019, no que se conteñen as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian a ser elevadas para a súa aprobación, figura incluído como regulamentos/ordenanzas de nova aprobación a ordenanza fiscal reguladora da taxa ás empresas eléctricas e de gas polas instalación que atravesan o dominio público local.

Segundo o art. 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPAC), con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento, substanciarase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

- Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- Os obxectivos da norma.
- As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

No uso das atribucións conferidas pola lexislación de réxime local, **RESOLVO:**

Abrir o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a redacción, tramitación e aprobación da **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS**, a través de <https://ordes.gal/>, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I da presente resolución.

Anexo I

CONSULTA PÚBLICA

ANTECEDENTES

Na súa calidade de Administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, corresponden en todo caso aos municipios: as potestades tributaria e financeira.

Os tributos propios dos municipios clasifícanse en taxas, contribucións especiais e impostos

NECESIDADE E OPORTUNIDADE DA SÚA APROBACIÓN

Os municipios, nos termos previstos no R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poden establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/000734

RESOLUCIÓN

prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular aos suxeitos pasivos.

Teñen a consideración de taxas as prestacións patrimoniais que establezan os municipios pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local.

O importe das taxas previstas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local fixarase con carácter xeral, tomando como referencia o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público. A tal fin, a ordenanza fiscal reguladora da mesma poderá sinalar en cada caso, atendendo á natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento especial de que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada.

OBXECTO DA NORMA

Tendo en conta o anterior o Concello de Ordes pretende acordar a imposición e aprobar a correspondente ordenanza fiscal reguladora da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local das instalacións de transporte de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburos, a todas as persoas físicas ou xurídicas, sociedades civís, comunidades de Bens e demais entidades a que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que leven a cabo a utilización privativa ou se beneficien de calquera modo do aproveitamento especial do dominio público local coas especificacións e concrecións que se indican na propia Ordenanza, ou que veñan gozando dos devanditos beneficios.

O feito imponible da taxa constitúe: a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local no seu solo, subsolo e voo, con:

a) Instalacións de transporte de enerxía con todos os seus elementos indispensables que aos meros efectos enunciativos defínense como caixas de amarre, torres metálicas, transformadores, instalacións ou liñas propias de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, gas, auga ou outras subministracións enerxéticas, instalacións de bombeo e demais elementos análogos que teñan que ver coa enerxía e que constitúan aproveitamentos ou utilizacións do dominio público local non recollidos neste apartado.

b) Instalacións de transporte de gas, auga, hidrocarburos e similares. O aproveitamento especial do dominio público local producirase sempre que se deban utilizar instalacións das referidas que materialmente ocupan o dominio público en xeral.

Afectación esta pola que o concello non está a percibir contraprestación algunha en detrimento do interese público.

Para os efectos da ordenanza enténdese por dominio público local todos os bens de uso, dominio público ou servizo público que se achen no termo municipal así como os bens comunais ou pertencentes ao común de veciños, exceptuándose por iso os denominados bens patrimoniais.

O acordo de establecemento desta taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, adoptarase á vista do informe técnico-económico no que se poña de manifesto o valor que tería no mercado a utilidade derivada da devandita utilización ou aproveitamento, se os bens afectados non fosen de dominio público.

POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS E NON REGULATORIAS



CONCELLO DE ORDES

Rúa Alfonso Senra, 108 - C.P. 15680
Teléfono: 981680002 – Fax: 981682221
WWW.ORDES.GAL

exp. 2019/G003/000734

RESOLUCIÓN

Non hai alternativa regulatoria nin non regulatoria, debido a que para o establecemento desta taxa, redacción da súa ordenanza e elaboración do informe técnico económico que poña de manifesto o valor de mercado tívose en conta o R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, así como o contido da sentenza ditada o 11 de febreiro de 2016 pola Sala do contencioso-administrativo (Sección 4ª) do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desestimatoria do recurso 15126/2015, así como da sentenza ditada o 21/12/2016 pola da Sala do contencioso-administrativo (Sección 2ª) do Tribunal Supremo recurso de casación nº 947/2016.

En Ordes, 31-10-2019

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario

Juan Luis González Iglesias

FIRMA: 31/10/2019 14:08:00

FECHA: 31/10/2019 13:55:00, Juan Luis González Iglesias

FECHA: 31/10/2019 13:55:00, Juan Luis González Iglesias

FIRMA: 31/10/2019 13:55:00, Juan Luis González Iglesias

Decreto Nº: 721/2019 - Fecha de decreto: 31/10/2019
Versión imprimible

CVD: 7Ve8mPH2EoaedYrIA/nH
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.